

**REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO**  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 28/10/2021 14:43:26

**SAIDA 16768/21**

Reclamante: [REDACTED], en representación da [REDACTED]

Expediente. Nº RSCTG 132/2021

Correo electrónico: [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], en representación da [REDACTED] mediante escrito do 13 de setembro de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 26 de outubro de 2021, adopta a seguinte resolución:

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.** [REDACTED], en representación da [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 13 de setembro de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude, presentada ante Consellería do Mar, de acceso aos nomes dos altos cargos da Xunta de Galicia, a axenda e acta da mesma, e o custo económico no que incorreu a Xunta de Galicia, para a celebración o 26 de xullo de 2021, da reunión convocada pola dita Consellería en Santiago de Compostela sobre o estado das autorizacións ambientais da Mina de San Finx, en Lousame.

O reclamante indicaba que no recibiu resposta á súa solicitude.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e asinada con certificado dixital de representante de asociación.

**Segundo.** Con data do 14 de setembro de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería do Mar para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

**Terceiro.** Con data do 24 de setembro de 2021 a Consellería do Mar remite oficio no que comunica que examinada a solicitude, e ao non obrar a información solicitada na Consellería do Mar, con data 3 de agosto de 2021 remitiuse á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, ao ser a convocante da citada reunión, comunicando esta circunstancia ao solicitante.

**Cuarto.-** Con data do 5 de outubro de 2021, déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

**Quinto.-** Con data do 25 de outubro de 2021, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación remite informe e copia do expediente tramitado.

No informe faise constar que con data do 13 de outubro de 2021, ditouse pola directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais resolución de acceso ao ditada no expediente AI P-MI-SC-2021-117, pola que se facilitaba á entidade solicitante a información requirida, que foi notificada á dita asociación o mesmo día 13.10.2021.

Nela faise constar que a solicitude presentou se ante a Consellería do Mar e o feito e que a reunión fose en realidade convocada pola Vicepresidencia segunda provocou unha demora na tramitación da solicitude derivada do traslado ao órgano competente para resolver.

O obxecto da mesma era coñecer aspectos relativos a unha reunión en relación coa coñecida como Mina de San Finx, en Lousame, en concreto nomes dos altos cargos da Xunta de Galicia que participaron en dita reunión, a axenda da reunión e acta da mesma, se existise e o custo económico da dita reunión.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse

unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se

toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación non resolveu a solicitude de acceso á información expresamente, polo que polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

A Asociación reclamante solicitou acceso a información referente aos dos altos cargos da Xunta de Galicia, a axenda, acta e o custo económico no que incorreu a Xunta de Galicia, para a celebración o 26 de xullo de 2021, da reunión convocada pola dita Consellería en Santiago de Compostela sobre o estado das autorizacións ambientais da Mina de San Finx, en Lousame.

Se ben a resolución da solicitude demorouse, dado que se presentou ante a Consellería do Mar cando a convocante da mesma foi a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais resolveu concedendo o acceso á informe con data do 13 de outubro de 2021.

Se ben non se pode compartir a afirmación da dita resolución de que a información solicitada é informe de carácter ambiental, dado que se solicita información sobre nomes de altos

cargos, axenda, acta e custo dunha reunión, e non sobre información que verse, segundo a definición do artigo 2 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información medio ambiental, participación pública e xustiza en materia de medio ambiente, sobre o estado dos elementos do medio ambiente (aire, atmosfera, auga, o chan etc.) factores, substancias, enerxía, ruído etc. que afecten ou poidan afectar os elementos do medio ambiente, proporcionouse a informe á entidade solicitante, polo que procede a estimación por motivos formais da reclamación presentada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

#### **ACORDA**

**Único:** Estimar por motivos formais, a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da [REDACTED] con data do 13 de setembro de 2021, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso aos nomes dos altos cargos da Xunta de Galicia, a axenda e acta da mesma, e o custo económico no que incorreu a Xunta de Galicia, para a celebración o 26 de xullo de 2021, da reunión convocada pola dita Consellería en Santiago de Compostela sobre o estado das autorizacións ambientais da Mina de San Finx, en Lousame.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA  
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)  
Fecha: 2021.10.28 12:12:24 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia.**